

LIMIAR

“Adiós Isabel, adiós Pasiano, adiós Dolores, adiós Esperanza, adiós Benedita, adiós Santiago, adiós Sofía, adiós Carmiña...”. Así remata a carta do veciño de Panxón (Nigrán) Telmo Freitas a súa muller Carmen Pérez Rouco e aos seus oito fillos menores unha semana antes de ser fusilado. Carta que transcribe Carlos Méixome neste maxistral traballo de investigación, convertido xa no primeiro libro que se publica sobre a Guerra Civil española e a brutal represión levada a cabo polos golpistas en toda a comarca do Val Miñor. Nunca antes un autor fora capaz, nin se atrevera, a condensar nunha soa publicación os anos da República, do golpe de Estado, da ditadura e da represión nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

A narración de Carlos Méixome no se detén nunca, enlaza a historia dun mestre republicano de Santa Baia de Donas, en Gondomar, coa duns irmáns represaliados de Sabarís, Baiona, ou coa dun home de San Pedro, Nigrán, que cambia o seu nome para intentar escapar dos fascistas.

Méixome recorre á pouca bibliografía que aínda hai sobre a Guerra Civil no Val Miñor e mestúraa coa historia oral, coas horas e horas de traballo nos arquivos dos tres concellos, pero, sobre todo, coas causas e as sentenzas xudiciais que revelan testemuñas ata o de agora agochadas no máis profundo esquecemento.

Descricións como a que fai o Cabo Pena sobre Secundino Rouco Alonso “O Roque” “(...) de unos 42 o 43 años de edad, alto, complexión fuerte, pelo castaño oscuro, frente de unos 4 centímetros de alto, ojos castaño oscuros, afeitado, de cara un poco alargada; *éste* sujeto fue uno de los verdaderos dirigentes comunistas con armas contra el Glorioso Ejército. Desde luego, puedo asegurarle que era de verdaderos instintos criminales (...)” véñennos mostrar como foi a verdadeira Guerra Civil no Val Miñor:

unha cruenta guerra de exterminio e terror que non durou nin dous días nin catro anos, senón décadas de represión, de morte e, sobre todo, de inmensa dor que os vencedores exerceron sobre os vencidos.

Para maior angustia, para maior sensentido, Carlos Méixome contrapono cos anos anteriores ao golpe militar, nos que as xentes do Val Miñor soñaban cunha sociedade máis xusta e máis xenerosa. Proba diso é que a República deixou corporacións comprometidas coas súas vilas cuxos alcaldes e concelleiros foron asasinados, desterrados, ou confinados en prisións; unha República con mestres e mestras cunhas fortísimas conviccións sociais e pedagóxicas que empezaban a forxar unha xeración de nenos e nenas que, sen lugar a dúbidas, poderían cambiar a Historia dunha España ancorada no máis escuro pasado. Desgraciadamente, ese cambio non lles interesaba aos que ostentaron o poder económico, moral e social durante séculos e, por iso, a gran maioría deses mestres foron represaliados, expulsados, ou vilmente asasinados, como o de Nigrán, José Vázquez Grela.

Este é un libro fermoso e á vez angustioso, que recupera unha parte da Historia recente, esquecida de xeito premeditado polos vencedores dunha cruenta e feroz guerra e dunha represión que deixou a comarca do Val Miñor cunhas feridas ás veces irreparables ata 100 anos despois.

Carlos Méixome introduce documentos inéditos e estremecedores, como a carta de Telmo Freitas, veciño de Panxón, con 8 fillos, antes de ser fusilado o 29 de decembro de 1936 ás 11 da mañá no Castelo do Castro, en Vigo, ficando morto “a la primera descarga”.

Cárcel 21-XII-1936

Estimada esposa Carmen Pérez Rouco de Panjón.

Querida compañera te pongo estas líneas para que tengas presente todo esto que aquí te explico, para que no te olvi-

des de las últimas palabras que te dirijo y que mis hijos no tiren el luto mientras no sean mayores de edad para que se acuerden de quien tanto por ellos sufrió y además que tengan presente lo que han hecho contigo, que te han cortado el pelo, y que se acuerden de tu vida y de la mía (...)
Adiós. Tu compañero

É unha honra para min, discípulo, aprendiz, ‘escoitador’ de historias de Carlos Meixome e compañeiro de inicios do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), que me pedira prologar este libro cheo de sentimento (como todo o que fai) sobre os anos máis escuros, máis tristes e á vez máis apaixonantes da Historia Contemporánea do Val Miñor.

En Nigrán, a 14 de abril de 2020, 89 anos despois.
Juan A. González Pérez

ÍNDICE

Limiar	11
Primeiras palabras	15
1. A represión franquista sobre o maxisterio miñorán	23
2. A “causa xeral” contra a República en Gondomar	93
3. Os de Priegue en Canido. Da resistencia como ilusión á represión como sistema no concello de Nigrán e unha breve coda.....	143
4. Baiona, 1936	205
5. Telmo Freitas e os seus compañeiros de infortunio.....	283
Siglas	321
Bibliografía citada.....	323